

Roteiro das Irmandades da Fala en Vigo

Introdución.

As Irmandades da Fala (IF) naceron o 18 de maio de 1916 na Coruña. Foi unha fronte político-cultural.

Conflúen tres tendencias: agrarismo (Porteiro Garea, Cabanillas ou Castelao), rexionalistas (Lugrís Freire, Carré Aldao ou Salvador Cabeza de León) e republicanos federalistas (Ánxel Casal, Víctor Casas ou os irmáns Villar Ponte, verdadeiros creadores e impulsores das IF).

Foi movemento elitista (burguesía liberal e empresarios) e minoritario. Vinte anos despois, en 1936, conseguen promover a aprobación do Estatuto de Galicia.

En Vigo constituíronse en 1917 con Xermán López Roca como líder.

1. Manuel Antonio (fonte do Paseo de Afonso XII)

Entre 1920 e 1921 o poeta de vangardas Manuel Antonio, autor do *De catro a catro*, residiu no Paseo de Afonso número 15. Coincide este tempo cun período de maduración creativa literaria. Foi, sen dúbida, o máximo representante do vangardismo na literatura galega de preguerra. Na creación literaria de Manuel Antonio aparecen novas imaxes relacionadas con mundos marxinais (prostitución, bebida, cabarets), estranxeirismo e un léxico renovador tomado da vida marítima.

2. Pinacoteca de Vigo (rúa Abeleira Menéndez)

A pintura galega viviu, arredor das Irmandades da Fala, un novo pulo e que se centraba na necesidade de representar unha estética propia, vencellada á idea de “soberanía estética” aprobada no Manifesto de Lugo (1918). Desta época destacamos os traballos de Imeldo Corral, Álvaro Cebreiro, Castelao, Maside etc. (que componen o chamado Grupo dos Vello) e que terían os seus continuadores en Luís Seoane, Arturo Souto, Urbano Lugrís etc. (os chamados Grupo dos Novos). Algúns exemplos desta arte atópanse na exposición da Pinacoteca Francisco Fernández del Riego. Aludir tamén ao Rexurdimento pictórico entre os cales destacan os cadros de Ovidio Murguía de Castro (fillo de Rosalía e Murguía).

3. Fundación Penzol e Fundación Fernández del Riego (Praza da Princesa / Praza da Constitución)

Dous dos arquivos públicos, de doazón privada, máis importantes de Galicia están en Vigo. Débense á xenerosidade de Fermín Penzol e de Francisco Fernández del Riego. Nos seus arquivos están custodiados importantes e valiosos documentos da cultura galega (algúns únicos e de extraordinario valor). Entre este feixe de documentación atopamos xornais, correspondencia, pasquís, carteis, primeiras edicións de libros etc. da época das Irmandades da Fala e da República. Algúns exemplos: o Fondo Castelao,

o Fondo Otero Pedrayo, Fondo Villar Ponte, Fondo Xoán Vicente Viqueira. Fermín Penzol integrouse nas IF en Madrid, foi líder dun grupo radical e independentista. Tras a guerra decidiu entregar todo o seu fondo persoal ao pobo. A Fundación Penzol é hoxe a nosa Arca testamentaria.

4. *El Pueblo Gallego* (Praza do Pobo Galego)

Un dos xornais máis importantes de preguerra, en toda Galicia, foi *El Pueblo Gallego*, que é herdeiro dunha tradición xornalística que se remonta a 1856, con *La Oliva*. Esta tradición de prensa progresista e provincialista rematou en 1936 co golpe fascista. Os principais escritores colaboraron nas súas páxinas: Castelao, Paz Andrade, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Álvaro Cebreiro, Victoriano Taibo, Gonzalo López Abente, etc. Hai quen fala da Xeración del Pueblo Gallego. En 1925 Jesús Bal y Gay, musicólogo lucense, publica un artigo de vangarda musical que crea tensión cos músicos e compositores galegos da vella escola. Por iso hai quen fala da Xeración de 1925 para referirse aos autores de vangardas.

5. Cine-Teatro Tamberlick (rúa Eduardo Iglesias)

No antigo Cine-Teatro Tamberlick celebrouse en 1921 a III Asemblea das Irmandades da Fala que, naquela altura, xuntaba o máis nutrido da cultura galega. Aquí encontramos, de novo, os nomes dos líderes do galeguismo. Aproveitando aquel encontro Castelao, Vicente Risco, Losada Diéguez ou Lois Peña Novo impartiron varias conferencias en Lavadores e Vigo. Neste teatro estrenouse en 1929 a primeira ópera en galego: *O Mariscal*, de Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas. A música era de Eduardo Rodríguez Losada e o decorado de Camilo Díaz Baliño.

6. Paz Andrade e Antón Beiras (rúa Policarpo Sanz)

No edificio Sanchón estivo o despacho de avogados onde traballou Valentín Paz Andrade, un dos nomes claves e centrais da cultura galega de preguerra en Vigo con iniciativas como o xornal *Galicia. Diario de Vigo* ou a publicación de obras como *Galiza como tarefa* (1959) e outros poemarios en lingua galega. Pero no mesmo edificio tamén estaba a clínica do prestixioso oftalmólogo Antón Beiras, quen escribiu o primeiro artigo científico en galego, promoveu a fundación da actual Escola Rosalía de Castro (con Antía Cal) e quen ideou un aparello revolucionario para corrixir o estrabismo que chamou Vigoscopio. Antón Beiras foi autor do primeiro artigo científico en lingua galega logo da guerra (“Ensaio para mellorar os resultados terapéuticos do estrabismo”, 1958). A súa morte provocou tamén a primeira homilía en galego logo da guerra, dada polo Padre Seixas.

7. Teatro García Barbón (rúa Policarpo Sanz)

En 1930 celebrouse un importante encontro galeguista que supuxo o reencontro logo da división vivida en 1922, en Monforte de Lemos. Neste mitin, que xuntou de novo a toda elite cultura e intelectual galegas, falon Castelao, Otero Pedrayo, Carballo Calero e Valentín Paz Andrade. O acto foi promovido polo Grupo Autonomista GAlego, liderado por Valentín Paz Andrade xunto a Roberto González Pastoriza (abogado de dirixentes políticos e sindicais fusilados en 1936), Xaime Illa Couto, Manuel Gómez Román...

Despois do mitin celebrouse o afamado Xantar da Barxa, naa actuais Torres de García Barbón.

8. Casa de Fernández del Riego (Alameda de Vigo)

Francisco Fernández del Riego, oriundo de Vilanova de Lourenzá (A Mariña, Lugo), chegou ao galeguismo nos anos da República pero tivo un papel sobranceiro, dinámico e activo. O seu papel de custodio da memoria republicana e galeguista foi crucial para os anos despois da guerra. O esforzo que fixo a prol da cultura, en iniciativas como a Editorial Galaxia ou a revista *Grial*, a dirección da Fundación Penzol, o compromiso político na clandestinidade e a activación do traballo galeguista logo da guerra convérteno nun home imprescindible para Galicia. Foi tamén presidente da Real Academia Galega, onde favoreceu un cambio moi positivo para a institución. Estivo detrás de autores para que escribisen en galego, como foron Anxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Luís Pimentel.

9. Manuel Gómez Román (rúa Montero Ríos)

Foi un dos arquitectos máis notables do seu tempo e home respectado na elite intelectual viguesa. O seu nome lígase posteriormente ao galeguismo, xa despois das Irmandades da Fala, pero puxo a súa creación ao servizo de Galicia tratando de crear un estilo e un deseño netamente galego (hai varios exemplos en Vigo). Foi o último secretario xeral do Partido Galeguista (antes e despois da guerra), presidente da Sociedade La Oliva e membro da Real Academia Galega cun discurso sobre a arte arquitectónica galega que recitou en Vigo, pero que tivo que facer en castelán por prohibición gubernativa. Este texto é moi descoñecido. O seu estilo arquitectónico recupera a tradición galega do románico e do barroco fundídoos coas novas correntes estéticas (modernismo, por exemplo).

10. Manuel Antonio, Navy Bar (rúa Montero Ríos)

Un dos poemas célebres de Manuel Antonio é o “Navy Bar” que se supón escribiu neste bar. Lectura do manifesto *Máis Alá* (1922), coas implicacións políticas e artísticas que tivo.